

A MAIOR LIBERDADE, MÁIS CREACIÓN; MAIOR CRECEMENTO

ANTONIO RAMILO FERNÁNDEZ-AREAL
Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Recibido: 22 marzo 2000
Aceptado: 15 xuño 2000

Unha vez logrado un dos factores claves para garanti-la estabilidade macroeconómica –os resultados dos últimos comicios xerais así o fan prever–, cómpre reflexionarmos sobre os desafíos que teremos que afrontar tanto a sociedade española en xeral, como a galega en particular, no horizonte dos primeiros anos do terceiro milenio.

O punto de partida é inmejorable, cunha economía española e galega que gozan de maior solidez e cunhas condicións favorables para aproveita-los ciclos expansivos e supera-los recesivos con menores custos.

A política económica aplicada nos últimos anos da centuria, e que se caracterizou pola obtención dun período de estabilidade e unha maior flexibilidade dos mercados, permitiu situa-lo noso país no núcleo fundador da Unión Económica e Monetaria.

Pero, sobre todo, os esforzos durante esta última fase alcista, de cara a diminuí-lo déficit das administracións e mailo desemprego co control da inflación, viñeron a constituírse como as medidas máis acertadas para a nosa aproximación á Europa dos quince.

Coñecida a receita, cómpre seguirmos manexando estes factores para consolidarmos este salto cualitativo dado pola economía española durante os próximos catro anos. Un período, ademais, decisivo para logrármola converxencia real con Europa antes de que se acaben os fluxos de axudas financeiras que chegan desde a Unión Europea.

Non hai que esquecer que no 2002, e coincidindo coa plena implantación do euro, desaparecerán as axudas do Estado a empresas e sectores ós cales se lles concedeu unha moratoria para que se reestructurasen e fosen capaces de sobrevivir nun mercado competitivo. Posteriormente, a partir do 2006, o crecemento do PIB per cápita e maila ampliación da Unión ó leste de Europa producirá unha redución dos fondos estruturais e de cohesión recibidos por España.

Por iso, os empresarios consideramos que a política económica dos próximos anos ha ter como máxima a obtención dunha maior liberdade creativa, con mercados máis libres e nun contorno sociopolítico de liberdade e de maior protagonismo da sociedade civil.

Estes obxectivos han ter en conta a referida conxuntura, así como as perspectivas de futuro inmediato, e a súa consecución terá que pasar polo logro de catro grandes obxectivos:

- Unha taxa de crecemento económico superior á rexistrada pola media da UE, co obxecto de pecha-lo diferencial do noso PIB per cápita en relación coa media europea.
- Reduci-lo desemprego e aumenta-la taxa de ocupación ata os niveis medios existentes na eurozona.
- Modernizar España, o que supón reforma-la Administración pública e o aparello xudicial, e prepara-lo país e mailas empresas para que se incorporen á Sociedade da Información.
- Garantir un contorno de estabilidade macroeconómica.

Se a base do crecemento económico está no aumento da produtividade, as institucións deben favorecer-la creatividade, porque son as empresas privadas as principais responsables de lograr un crecemento elevado e sostido no tempo.

Non hai que esquecer que o desenvolvemento pasa por crear un caldo de cultivo favorable para que a empresa privada poida nacer e medrar e, desta forma, crear emprego e benestar; amais de competir en condicións favorables durante a súa traxectoria no mercado.

Se temos en conta a perda da tradicional vantaxe competitiva do noso país (custos laborais absolutos máis baixos), cumpriría poñer-la énfase en variables –como as infraestruturas– que se amosan decisivas para localiza-las actividades productivas e garanti-la presenza dos nosos produtos nos mercados internacionais.

O inicio do século XXI, os portos e os aeroportos aínda no funcionan coa eficiencia desexable. A rede de autoestradas e de autovías aínda é insuficiente, sobre todo en Galicia, onde aínda faltan proxectos de envergadura por abordar como a autoestrada Santiago-Ourense, ou a rede transcantábrica.

Tamén o ferrocarril se debería consolidar como un medio fundamental para o transporte de persoas e mercadorías. Unha rede ferroviaria que, na nosa Comunidade Autónoma, ve aínda afastada a posta en marcha da alta velocidade e a modernización da actual rede cuns programas de execución que, sen embargo, deberían ser prioritarios.

Porque para supera-la nosa condición periférica, tanto galega como española, é preciso seguir comprometendo cantidades superiores ó 5% do PIB nos orzamentos xerais e incorpora-lo sector privado á xestión e mantemento das infraestruturas, o que nos permitirá acometer máis proxectos e mellora-la súa xestión. Esa é a situación dos portos e dos aeroportos, aínda pendentes de seren traspasados á sociedade civil.

Tamén neste capítulo, as liñas directrices da política fiscal deberían tender a diminuí-los gravames que pesan sobre a actividade económica –eliminando o IAE– e a simplifica-la política lexislativa e administrativa a fin de que estea ó servizo

dos intereses xerais de cidadáns e de empresas, en vez de ó servizo de criterios puramente recadadores.

Tamén, e logo da experiencia positiva obtida neste terreo, sería necesario accelear-lo proceso privatizador das empresas estatais ou públicas e, de forma paralela, aborda-la tarefa inacabada de liberaliza-los mercados de bens e servizos e os factores de produción.

Outra das tarefas pendentes e que precisa unha materialización urxente é a necesidade de liberaliza-lo solo, sobre todo se reparamos en que é un factor de produción clave na economía do noso país. O afán intervencionista das administracións neste terreo respondeu máis á obtención de rendas dos concellos que a un racional sistema urbanístico.

Incrementa-la oferta de solo e liberaliza-la súa transformación a solo urbano ou industrial incidirá, sen dúbida, de maneira positiva nunha actividade, como é a construción, motor da economía e do emprego e, indirectamente, na instalación de industrias, servizos e infraestruturas.

Abordar con coraxe a liberalización doutros mercados, así como avanzar no proceso de reforma e modernización do mercado laboral, son condicións indispensables para garanti-lo noso crecemento económico.

Neste sentido, está demostrado que unha medida básica para crear emprego e reduci-los custos laborais unitarios é reduci-las cotizacións sociais, dada a súa incidencia na posición competitiva da empresa.

A estrutura centralizada da negociación colectiva tampouco non permite tomar en conta as diferenzas de produtividade, o que impide axusta-los salarios á realidade de cada empresa. Unha maior mobilidade xeográfica e maior flexibilidade na contratación e no despedimento situaríanos, tamén, na senda dunha maior xeración de emprego.

Busca de emprego que para nada incentiva o actual sistema de protección ó desemprego. Sistema que alonga a permanencia no paro, atrasa a incorporación ó mercado laboral dos seus perceptores e transfórmase nun dos aspectos claves da existencia dun avultado volume de parados de longa duración.

Por iso, os obxectivos a curto prazo deberían consistir en axusta-lo tempo e a contía das prestacións por desemprego á media das existentes en Europa, intensifica-lo control da fraude e poñer en práctica políticas activas para mellora-la formación dos parados de longa duración.

Partindo da consideración de que tamén o capital humano supón un dos motores de crecemento, terá que ser obxecto de atención especial nos próximos anos. Polo tanto, cómpre acometer urxentemente unha reforma do sistema educativo; crear unha oferta educativa competitiva, de calidade e flexible ante as novas demandas. Esta reforma deberá permitir unha conexión directa coa demanda existente, así como eleva-la consideración da formación profesional e adecua-las súas especialidades ás necesidades do mercado.

En materia de política macroeconómica, e dado os esforzos que veu exercendo a Administración central para controla-lo déficit público, é necesario apuntar que es-

te éxito podería verse comprometido se non se soluciona canto antes o problema do financiamento autonómico e da súa crecente débeda oculta.

Por outra parte, a principal contribución da política económica á estabilidade de prezos terá que supoñer un fomento da competencia interna nos mercados de factores coma o laboral ou o de servizos. A competencia é o mecanismo máis efectivo para controla-la evolución dos prezos, xa que aumenta a oferta productiva e elimina situacións monopolistas.

As condicións básicas do progreso social e económico radican tamén na consecución dunha sociedade civil forte e dun Estado tamén forte, pero limitado. Por iso, a prioridade futura debería limita-la acción do Estado ás súas funcións básicas de defensa, seguridade interior, xustiza, representación exterior, protección dos dereitos de propiedade e garantía dunha rede básica de cobertura para os máis necesitados.

Como último obxectivo, aínda que fundamental, está modernizar España, que require da transformación das administracións baixo a máxima de considera-lo cliente (cidadáns e empresas) como o centro de tódalas súas actuacións.

En definitiva, tanto España como Galicia están nunha situación óptima para converxer en benestar e desenvolvemento cos países máis avanzados de Europa, pero cómpre libera-la nosa sociedade do paternalismo e intervencionismo estatais, e crea-las condicións que permitan aproveitar todo o seu patrimonio físico e humano que non puideron ser utilizados debidamente pola insuficiencia de liberdade económica e social.